

# OS DIVIDENDOS ACTIVOS: A SÚA CONTABILIZACIÓN COMO GASTO DO EXERCICIO

MÁXIMO SALINAS VALENCIA

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela

SANTIAGO BUIDE DÍAZ

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela

MARÍA CRUZ GARCÍA BLANCO

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Proposta alternativa para contabiliza-los dividendos activos nas sociedades.*

Key words: *Alternative proposal for the accounting of the dividends of a company.*

## Resumo

*Partindo do actual criterio de contabilización dos dividendos activos, este artigo pretende xustificar un enfoque alternativo, como un intento máis de aproxima-la información financeira ó obxectivo xeral de "imaxe fiel". Ó mesmo tempo, propónse a modificación da regulación do imposto sobre sociedades.*

## Abstract

*Taken the current criterion of dividends accounting as our point of departure, the aim of this paper is to justify an alternative point of view which tries to approach financial information to the general objective of true and fair view. At the same time we propose several changes concerning the regulation of de Business Tax.*

## 1. OS DIVIDENDOS ACTIVOS: A SÚA CONTABILIZACIÓN COMO GASTO DO EXERCICIO

Coa promulgación da Lei 19/1989, de 25 de xullo, e a posterior aprobación do Plan Xeral de Contabilidade (PXC) de 1990 realizáronse cambios substanciais na estrutura das contas que deben presenta-las sociedades; quizáis un dos cambios máis significativos foi a consideración do imposto sobre beneficios coma un gasto máis do exercicio, abandonando a idea de contabiliza-lo mesmo coma unha aplicación de parte do beneficio empresarial, tal como estaba considerado no PXC de 1973.

Non obstante, baixo o noso punto de vista, o novo plan mantén un defecto xa existente no PXC de 1973: o feito de considera-los dividendos das sociedades coma unha distribución do resultado do exercicio, non reflectindo estes na Conta de Perdas e Ganancias en concepto de gasto e limitándose a unha simple indicación dos

mesmos na Memoria, aínda que os devanditos dividendos constitúen a remuneración do capital propio.

Neste artigo propoñémonos analiza-los criterios actuais de contabilización dos dividendos, intentando xustificar un novo enfoque para o rexistro dos mesmos, e presentando un criterio alternativo que faga a información máis precisa, representativa e útil.

Os dividendos considéranse como unha distribución do beneficio, debendo indicar na Memoria os acordos da Xunta Xeral sobre os mesmos. Ademais, tal e como establece o contido da Memoria:

"No caso de distribución de dividendos a conta no exercicio, deberase indica-lo importe dos mesmos e incorpora-lo estado contable provisional formulado preceptivamente para poñer de manifesto a liquidez suficiente".

Polo que se refire ás contas que establece o Plan —aínda que sabemos que unicamente teñen carácter indicativo, dada a non obrigatoriedade do Cadro de Contas e das Relacións Contables— podemos ver que:

— *525-Dividendo activo a pagar*: Débedas con accionistas por dividendos activos, sexan definitivos ou "a conta", dos beneficios do exercicio.

— *557-Dividendo activo a conta*: Importes, con carácter de "a conta" de beneficios, coa distribución que acorde o órgano competente. *Figurará no pasivo do balance minorando os fondos propios.*

En ámbolos dous casos se considera que forman parte do Grupo 5, definido polo propio Plan como "Débedas e créditos por operacións alleas ó tráfico con vencemento non superior a un ano e medios líquidos dispoñibles".

Se relacionámo-las definicións contidas no PXC de 1990 coas aceptadas doutrinalmente de "pasivo":

"Sacrificios futuros probables de beneficios económicos que xorden de obrigas presentes dunha empresa particular para transferir activos

ou prever servizos a outras entidades no futuro (...)". SFAC<sup>1</sup>.

"Unha obriga —pasivo— é unha débeda actual da empresa, xurdida de resultas de sucesos pasados, ó vencemento da cal, e para satisfácela, se espera que a empresa se desprenda de recursos que incorporen beneficios económicos". IASC<sup>2</sup>.

Podemos deducir que os dividendos representan unha débeda para a empresa que vai provoca-la saída de recursos propios autoxerados da mesma, de aí que a súa posición no Balance minore os fondos propios, no caso dos dividendos a conta.

Actualmente, as débedas por dividendos poden xurdir *durante* o exercicio, no caso dos dividendos a conta, *antes* de finaliza-lo mesmo, se se trata de accións sen voto e existen beneficios, ou, no caso máis común, *despois* do exercicio coa aprobación das contas anuais pola Xunta Xeral. Así o expresa a lexislación mercantil:

"A Xunta Xeral resolverá sobre a aplicación do resultado do exercicio de acordo co balance aprobado". Art. 213.1. TRLSA.

"No acordo de distribución de dividendos, determinará a Xunta Xeral o momento e a forma de pago...". Art. 215.2 TRLSA.

"Os titulares de accións sen voto terán dereito a percibi-lo dividendo anual mínimo que establezan os estatutos sociais, que non poderá ser inferior ó 5% do capital, desembolsado por cada acción sen voto (...)"

(...) "De non existir beneficios distribuibles ou de non habelos en cantidade suficiente, a parte do dividendo mínimo non pagada deberá ser satisfeita dentro dos cinco exercicios seguintes...". Art. 91 TRLSA.

Por conseguinte, a empresa atópase en disposición de coñecer de antemán os dividendos que debe satisfacer "a conta" dos resultados e os correspondentes a accións sen dereito a voto; ademais os administradores poden intuí-lo futuro acordo de distribución dos mesmos nunha situación estable, dada a relación entre aqueles e a Xunta Xeral.

Por iso, para mante-lo principio da imaxe fiel nas contas anuais, deberían recollese os

dividendos que hai que distribuír, con independencia de que sexan ou non "a conta" ou posteriormente determinados pola Xunta Xeral, dado que no PXC se recolle como definición de provisiones para riscos e gastos a seguinte:

"As que teñen por obxecto cubrir gastos orixinados no mesmo exercicio ou noutro anterior, *perdas ou débedas que estean claramente especificadas en canto á súa natureza*, pero que na data de peche do exercicio, *sexan probables ou certas pero indeterminadas en canto ó seu importe exacto ou en canto á data en que se producirán*".

Disto despréndese que aqueles dividendos pendentes de aprobación pola Xunta Xeral, deberán ser provisionados para que aparezan reflectidos na Conta de Perdas e Ganancias e no Balance.

O feito de relaciona-las provisiones cos dividendos lévanos a preguntarnos: *¿Pódense considerar como un gasto do exercicio?*

Tendo en conta que tódalas débedas corresponden a gastos, investimentos ou financiamento, e, como vimos en páxinas anteriores, os dividendos representan unha débeda, por conseguinte pertencerán a algunha das categorías indicadas.

Se partimos das definicións máis aceptadas de "gasto" e "custo", podemos afirmar que son:

"Saídas ou outros empregos dos activos ou a asunción de débedas (ou unha combinación de ámbalas dúas) durante un período, orixinados pola venda ou produción de artigos, a prestación de servizos ou a realización doutras actividades que constitúen as operacións principais ou habituais dunha entidade". SFAC<sup>3</sup>.

"Recoñécese un gasto no estado de resultados cando xurdiu un decremento nos beneficios económicos futuros, relacionado cun decremento dos activos ou un incremento nas obrigas, e ademais o gasto se pode medir con fiabilidade (...)". IASC<sup>4</sup>.

Polo tanto, os dividendos representan unha débeda para a empresa e o pago dos mesmos implica un decrecemento de activos, ademais de ser operacións "habituais" dunha entidade.

Ó noso xuízo, a non inclusión dos dividendos como un concepto de gasto vén dada pola confusión existente entre os termos de empresa e empresario no caso de sociedades mercantís.

Posto que, de acordo co Código Civil, se indica no art. 38:

"As persoas xurídicas poden adquirir e posuír bens de tódalas clases, así como contraer obrigas e exercitar accións (...)".

Tendo en conta ademais que nas sociedades mercantís:

"A sociedade nace por un contrato que é o vínculo xurídico que une orixinariamente ós socios fundadores da sociedade e posteriormente a cantos entren a formar parte da mesma. Unha vez constituída, cumprindo as disposicións legais, existe un ente xurídico novo, *personalidade propia e diferente á dos socios que a integran*. E esta circunstancia é relevante en extremo para a comprensión da contabilidade aplicada ós dereitos e obrigas vinculante entre socios, sociedade e patrimonio social. Precisamente entre as consecuencias da personalidade xurídica da sociedade están: *a autonomía patrimonial e a separación de responsabilidades entre a sociedade e os socios*"<sup>5</sup>.

Por iso, os dividendos non deixan de se-la remuneración dunha persoa xurídica a outras persoas —sexan estas físicas ou xurídicas— polas aportacións realizadas. Polo tanto, podemos consideralos como "*gastos financeiros*" dos recursos propios.

A esta mesma conclusión chega Bernstein<sup>6</sup>, ó falar da exclusión dos intereses no cálculo da rendibilidade do investimento:

"(...) A exclusión dos intereses das deducións de beneficio débese a que eses gastos se consideran pago ós provedores de recursos alleos pola utilización destes fondos, *da mesma maneira que os dividendos se consideran retribucións ós provedores de capital propio*".

No noso país a non contabilización dos dividendos como un gasto de exercicio debeuse fundamentalmente á presión que sempre exerceu

a lexislación fiscal. Non podemos esquecer que o vixente regulamento do imposto sobre sociedades indica no artigo 125:

"*Partidas non deducibles*: Non terán a consideración de partidas deducibles para a determinación da base impositiva:

A) As cantidades destinadas a retribuír directa ou indirectamente o capital propio, calquera que sexa a súa denominación" (...).

Criterio que ó noso entender non contempla a separación entre persoas físicas e xurídicas, nin entre os dereitos e obrigas de cada unha delas.

A nosa opinión vese referendada pola Lei Xeral de Cooperativas de 1987 que establece a posibilidade de remunerar-lo capital propio ó indicar no artigo 76:

"Os estatutos determinarán se as aportacións desembolsadas ó capital social producen ou non rédito. No caso afirmativo, o tipo de interés fíxarano, para as aportacións obrigatorias, os Estatutos ou, no seu defecto, a Asemblea Xeral, e para as aportacións voluntarias o acordo de emisión das mesmas (...).

Se nos centramos na problemática económico-financieira, podemos ver que o método actual de contabilización lle afecta negativamente á representatividade das cifras contables. Así, o profesor Urías Valiente<sup>7</sup> indica:

"O financiamento propio divídese en dous grandes apartados:

- Aportacións dos empresarios.
- Autofinanciamento.

(...) Dependendo da política de dividendos e partindo da consecución de beneficios, este autofinanciamento será maior ou menor.

(...) A longo prazo, o único autofinanciamento vén dado polos beneficios non distribuídos".

Efectivamente, no hipotético caso de que unha sociedade non tivera que dotar reserva

obrigatoria ningunha a conta de beneficios do exercicio e se decidira distribuí-la totalidade dos mesmos en forma de dividendos, a sociedade, como persoa xurídica, non obtería ningún beneficio. En consecuencia, os beneficios distribuídos reducen o beneficio societario.

Isto queda resaltado se nos baseamos na definición de beneficio en termos económicos establecida por Hicks:

"A riqueza máxima que unha persoa é capaz de consumir durante un período, de tal forma que, ó final do mesmo, estará en tan boa situación como ó principio (...)"

"(...) Seguindo a definición comentada máis arriba, o beneficio é o exceso da renda así creada sobre a necesaria para que, ó final do período tomado como referencia, a empresa se atope con idéntica capacidade implícita de capital para xerar novos fluxos de riqueza".

O PXC de 1990 non cumpre esta definición, posto que parte dos beneficios poden saír da empresa en forma de dividendos no exercicio seguinte, sen que se recollan no balance do exercicio como unha diminución de recursos propios, exceptuando o caso dos dividendos "a conta".

Por último, debemos indicar que a doutrina actual parece inclinarse por considera-la retribución dos capitais propios como un gasto de exercicio. Así, o profesor Rivero Torre<sup>8</sup>, ó falar da rendibilidade e a distribución de beneficios, indica:

"(...) Para o cálculo do excedente debido á actividade productiva (...) resulta imprescindible ter en conta o valor de tódolos consumos que foi preciso realizar para a obtención dos ingresos correspondentes.

Entre estes consumos está o orixinado por tódolos capitais investidos no proceso de produción e que vén expresado polo "interés" que constitúe a retribución dos mesmos, isto é, o seu custo para a empresa. No cálculo deste interés debe computarse non só o correspondente ós capitais "tomados a préstamo" en sentido xenérico, senón tamén o interés asignable ó neto patrimonial na súa condición de capital empregado no proceso de produción (...)"

Aínda que realiza estas indicacións ó falar do mantemento do capital real da empresa, sérvenos perfectamente para ilustra-las nosas ideas.

Tamén resulta ilustrativa a opinión de Backer e outros<sup>10</sup> ó indicar que:

"O custo de capital inclúe tanto os réditos como os dividendos, o que non se axusta á definición do custo que xeralmente dan os contadores. Estes consideran os dividendos coma unha distribución das utilidades máis que coma un custo. Sen embargo, desde o punto de vista da compañía, como entidade individual, *os dividendos representan o custo do capital proporcionado polos seus accionistas*".

## 2. CONCLUSIÓNS

O actual procedemento de contabilización dos dividendos presenta, entre outros, os seguintes inconvenientes:

1) O beneficio obtido non cumpre as condicións de beneficio en sentido económico ó non contemplar, nalgúns casos, a remuneración dos socios.

2) O principio de prudencia non se cumpre, dado que se se prevén dividendos non se recollen no balance; este caso alcanza unha maior gravidade se existen accións sen dereito a voto.

3) O principio de ganancia queda en dúbida, posto que o acordo de distribución de dividendos se aproba actualmente en data posterior ó peche do exercicio unicamente polo cumprimento de prazos legais. O órgano de administración da sociedade coñece, previamente á devandita data, a proposta de distribución de beneficios, momento no que, baixo o noso punto de vista, se produciría a remuneración, á data de peche do exercicio.

4) Tampouco se cumpre o principio de correlación de ingresos e gastos, dado que se contabilizaron os ingresos do exercicio, pero non así os gastos correspondentes á remuneración dos propietarios.

5) A Conta de Perdas e Ganancias non é representativa ó excluír da mesma a remuneración dos capitais propios.

6) O Balance tampouco é representativo, pois inclúe como fondos propios unha parte dos beneficios empresariais, os distribuíbles, que en realidade representan unha débeda.

7) Na actualidade, o balance dunha sociedade presenta unha situación distinta segundo que os dividendos sexan "a conta" ou ben se realice a súa distribución unha vez aprobados os resultados definitivos.

8) A sociedade tributa por un beneficio inexacto, ó non considerar como gasto deducible a remuneración dos capitais propios.

9) Como consecuencia do punto anterior, e como é coñecido, existe un problema de dobre imposición entre as rendas societarias e rendas dos socios.

Por todo iso, facémo-las seguintes propostas.

## 3. PROPOSTAS

A) A contabilización dos dividendos como un gasto financeiro do exercicio, recollendo a débeda así adquirida, ben en contas acreedoras ou ben como unha provisión para riscos e gastos.

B) Modifica-la Lei e o Regulamento do Imposto sobre Sociedades considerando os dividendos como gasto deducible en calquera caso, evitando os problemas derivados da dobre imposición ós socios así como a tributación, sobre unha base ficticia, á sociedade.

C) A proposta de aplicación de resultados haberá de realizarse polos administradores nun prazo que permita a inclusión da mesma no Balance e na Conta de Perdas e Ganancias do exercicio. Cremos que, a efectos de imaxe fiel, é máis razoable rexistrar unha aproximación dos

dividendos que se deben pagar, que a non contabilización dos mesmos, máxime se existen accións sen voto.

#### NOTAS

1. Urías Valiente, J. (1991): *Análisis de Estados Financieros*, pp. 34-35. Madrid: McGraw Hill.
2. Urías Valiente, J. Op. cit., pp. 34-35.
3. Urías Valiente, J. Op. cit., pp. 62-63.
4. Urías Valiente, J. Op. cit., pp. 62-63.
5. UNED (1987): *Contabilidad Financiera y de Sociedades*, Tomo 1, pp. 10-11. Madrid.
6. Bernstein, L.A. (1984): *Análisis de Estados Financieros*, p. 172. Bilbao: Deusto.
7. Urías Valiente, J. Op. cit., p. 249.
8. López Díaz, A.; Menéndez Menéndez, M. (1991): *Contabilidad Financiera*, p. 48. Madrid: AC.
9. Rivero Torre, P. (1987): *Análisis de Balances y Estados Financieros Complementarios*, pp. 234-235. Madrid: Pirámide.

10. Backer, Jacobsen e Ramírez Padilla (1983): *Contabilidad de Costes. Un enfoque administrativo para la toma de decisiones*, p. 629. México: McGraw Hill.

#### BIBLIOGRAFÍA

- BACKER; JACOBSEN; RAMÍREZ PADILLA (1983): *Contabilidad de Costes. Un enfoque administrativo para la toma de decisiones*. México: MacGraw Hill.
- BERNSTEIN, L.A. (1984): *Análisis de Estados Financieros*. Bilbao: Deusto.
- LÓPEZ DÍAZ, A.; MENÉNDEZ MENÉNDEZ, M. (1991): *Contabilidad Financiera*. Madrid: AC.
- RIVERO TORRE, P. (1987): *Análisis de Balances y Estados Financieros Complementarios*. Madrid: Pirámide.
- UNED (1987): *Contabilidad Financiera y de Sociedades*. Madrid.
- URÍAS VALIENTE, J. (1991): *Análisis de Estados Financieros*. Madrid: McGraw Hill.